



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego

Referencia: FO023B / 2026

Expediente convocatoria: 2025000035004

RESOLUCIÓN POLA QUE SE AVOCA A COMPETENCIA PARA A APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E SE APROBAN AS BASES E A CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS DIRIXIDO A CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA SOCORRISMO DURANTE O EXERCICIO 2026 (FO023B / 2026)

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES

Por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023, o Presidente delegou na Xunta de Goberno entre outras: "A aprobación das bases de subvencións, cuxa competencia corresponda inicialmente ao presidente".

Tendo en conta a data da convocatoria da próxima Xunta de Goberno e considerando a urxencia de aprobar as Bases reguladoras do "Programa de subvencións dirixido a concellos da provincia da Coruña para socorrismo durante o exercicio 2026", e vistos os informes do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego, da Secretaría Xeral e do Servizo de Fiscalización e Control Financeiro,

RESOLVO:

Primeiro. Avocar a competencia que, con carácter xeral foi delegada por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023 na Xunta de Goberno, e considerando a urxencia da aprobación das Bases reguladoras do "Programa de subvencións dirixido a concellos da provincia da Coruña para socorrismo durante o exercicio 2026", que ven motivada pola necesidade de que as persoas destinatarias poidan facer as súas previsións respecto do obxecto da subvención neste programa para o exercicio 2026 coa suficiente antelación.

Segundo. Aprobar as Bases reguladoras do "Programa de subvencións dirixido a concellos da provincia da Coruña para socorrismo durante o exercicio 2026", que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

Terceiro. Dispoñer a publicación das bases deste programa no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Cuarto. Aprobar a convocatoria do Programa de subvencións dirixido a concellos da provincia da

Coruña para socorrismo durante o exercicio 2026, de conformidade coas bases reguladoras que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

O prazo de solicitude iniciárase ás 08:00 horas do día 21 de outubro de 2025, e finalizará ás 14:00 horas do día 21 de novembro de 2025, tendo en conta que, tanto as solicitudes como o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

Quinto. Remitir esta resolución, así como o extracto da convocatoria conforme ao Anexo - Extracto da convocatoria, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones y Ayudas Públicas, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publicación que se tramitará como urgente.

Sexto. Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

ANEXO - BASES REGULADORAS

BASES REGULADORAS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA, DO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS DE SOCORRISMO A CONCELLOS DO INTERIOR DA PROVINCIA DA CORUÑA DE MENOS DE 50.000 HABITANTES NO ANO 2026 (FO023B/2026)

Datos do programa

Unidade xestora	Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego
Sección	Sección de Promoción Económica e Emprego
Anualidade	2026
Denominación	Programa de subvencións de socorrismo a concellos do interior da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes no ano 2026
Beneficiarios	Concellos do interior da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes.
Programa	FO023B/2026
Aplicación orzamentaria	0510/3412/46201
Importe da convocatoria	306.000,00€ Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria.
Importe do orzamento de gastos	Mínimo 2.500,00 € - Máximo 10.000,00 €
Importe da subvención que se vai conceder	Mínimo 2.500,00 € - Máximo 10.000,00 €
Importe solicitado	Do 100% do orzamento de gastos subvencionables
Coeficiente de financiamento	1
Gasto anticipado	Si, será de aplicación o establecido na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña

Exposición de motivos

A Deputación da Coruña, no marco das súas competencias, destina importantes recursos á actividade de fomento, principalmente mediante a concesión de axudas económicas orientadas á promoción de actividades e investimentos, e mantemento de centros e servizos considerados de interese público, coa finalidade de contribuír a que as entidades da provincia acaden os obxectivos que lles son propios e de fomentar a participación da cidadanía nos distintos ámbitos de actuación e promover a igualdade de xénero.

BASES

Base 1. Réxime xurídico

Esta convocatoria non contén normativa específica. O marco normativo polo que se rexerá este programa de subvencións é o establecido nestas Bases e na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña e demais normativa que sexa de aplicación.

A presente subvención está incluída no Plan estratéxico provincial de subvencións da Deputación 2025-2027 aprobado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria do 27 de setembro do 2024 e contribúe ao logro dos obxectivos incorporados no dito plan.

Base 2. Obxecto e finalidade

2.1.- Obxecto

O obxecto desta convocatoria é subvencionar accións destinadas a apoiar aos concellos do interior da provincia de menos de 50.000 habitantes no sostemento dos gastos da contratación de socorristas, **directamente ou mediante a externalización do servizo**, nas piscinas municipais e praias fluviais durante o ano 2026 por un prazo máximo de 3 meses. No caso de que non se externalice o servizo, subvencionaranse os postos de traballo que estean desempeñados por persoal funcionario ou laboral fixo ou temporal con relacións de emprego que se axusten á lexislación vixente.

2.2.- Finalidade

No contexto socioeconómico actual, é vontade da Deputación da Coruña axudar coa carga económica dos concellos fomentando o emprego dentro do marco de desenvolvemento sostible da provincia.

As axudas enmarcadas neste programa permiten a Deputación apoiar aos concellos do interior da provincia de menos de 50.000 habitantes no sostemento dos gastos da contratación de socorristas, directamente ou mediante a externalización do servizo, nas piscinas municipais e praias fluviais durante o ano 2026 por un prazo máximo de 3 meses.

2.3.- Ámbito temporal

As actividades obxecto deste programa deben realizarse no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 31 de decembro de 2026.

Base 3. Solicitantes

Son destinatarios deste programa os concellos do interior da provincia con menos de 50.000

habitantes que posúan piscinas municipais ou praias fluviais. A estes efectos terase en conta a poboación oficial do concello segundo os datos do último padrón municipal publicado polo Instituto Nacional de Estatística.

Base 4. Gastos subvencionables

Conta contable	Descrición da conta, segundo o Plan Xeral de Contabilidade
607	Traballos realizados por outras empresas para o desenvolvemento da actividade
640	Soldos e salarios
642	Seguridade social a cargo da entidade

** No caso de contratación directa de persoal, deben desagregar os importes correspondentes aos conceptos “640. Soldos e Salarios” e “642. Seguridade social a cargo da entidade”

Base 5. Compatibilidades e exclusións

5.1.- Compatibilidades

As subvencións deste programa son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

As subvencións deste programa son compatibles con outras subvencións para concellos da Deputación da Coruña.

5.2.- Exclusións

Nesta convocatoria non se admitirán gastos que non se correspondan coa contratación de socorristas.

Base 6. Forma e prazo da solicitude

A forma e prazo da solicitude regúlanse na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

Os datos persoais facilitados serán tratados pola Deputación da Coruña, como responsable do tratamento, co fin de levar a cabo a tramitación administrativa dos programas de

subvención. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Máis información na Política de Privacidade da Deputación.

Base 7. Compromisos e obrigas

Ademais dos requisitos dispostos con carácter xeral na lexislación básica estatal e autonómica ou na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación, as persoas beneficiarias, deberán cumprir cos seguintes compromisos e obrigas:

Difusión do apoio da Deputación.

O concello fará constar a colaboración da Deputación provincial da Coruña en todas as comunicacións polas que se de a coñecer a realización das actividades subvencionadas, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou Internet.

Coa memoria e conta xustificativa, o concello presentará a acreditación do cumprimento destas obrigas.

Base 8. Valoración das solicitudes e procedemento de concesión

8.1.-Procedemento de concesión

O procedemento de concesión destas subvencións realizarase mediante réxime de concorrencia competitiva segundo o procedemento concesión definitiva regulado na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña e será aprobado por resolución da presidencia da Deputación.

8.2.- Valoración das solicitudes:

Logo de revisar as solicitudes presentadas, e de comprobar que cumpren cos requisitos requiridos na convocatoria aplicaranse os seguintes criterios de valoración:

Superficie total dos vasos das piscinas/ praias fluviais: (ata 65 puntos)	Menos de 350 m2	55 puntos
	Entre 350 e 400 m2	60 puntos

	Máis de 400 m2	65 puntos
Poboación do concello: (ata 20 puntos)	Ata 3.000 habitantes	17 puntos
	De 3.001 a 5.000	18 puntos
	De 5.001 a 10.000	19 puntos
	Máis de 10.000	20 puntos
O concello solicitante é resultado dunha fusión de municipios: (ata 15 puntos)	Non	0 puntos
	Sí	15 puntos

Base 9. Xustificación e pago

Será de aplicación a conta xustificativa simplificada nos termos do artigo 75 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

A xustificación poderá presentarse a partir do día seguinte á publicación da resolución de concesión definitiva das subvencións no BOP. O prazo para a xustificación das subvencións rematará o día 31 de marzo de 2027 ás 14:00 horas.

Base 10.- Incumprimentos e sancións

Será de aplicación o disposto na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial de A Coruña

ANEXOS DOCUMENTACIÓN

ANEXO I - Documentación da solicitude

Declaracións:

- A entidade que represento cumpre todos os requisitos esixidos aos solicitantes nas bases reguladoras da presente convocatoria e na Ordenanza xeral de subvenciones e transferencias da Deputación Provincial da Coruña, e no caso de resultar beneficiaria da subvención comprométese a cumprir fielmente todas as obrigas e compromisos recollidos nas mesmas e a acreditar de forma fidedigna o seu cumprimento no caso de ser requirida pola Deputación.

- A entidade que represento comprométese a utilizar a lingua galega no desenvolvemento do proxecto subvencionado e na produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dea lugar toda a actividade subvencionada, e a dar cumprimento á aquelas outras obrigas establecidas nestas bases en relación coa lingua galega.
- A entidade que represento comprométese a empregar unha linguaxe non sexista e inclusiva; tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero e a recabar datos de participación desagregados por sexo no caso de estudos, estadísticas, enquisas e formularios.
- A entidade que represento comprométese a dar cumprimento ás obrigas de difusión do apoio da Deputación establecidas nestas bases.

Documentación:

- Certificación do acordo de solicitude de subvención, orzamento e o importe solicitado.
- Acreditación da delegación da Alcaldía/Presidencia, no seu caso.
- Memoria da solicitude
- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.
- Informe da Secretaría da entidade sobre o posto de traballo, no que se indicará a súa adecuación á lexislación vixente (para o caso de non externalizar o servizo).
- Declaración da superficie total dos vasos das piscinas/ praias fluviais para as que solicita a axuda para o sostemento dos gastos de contratación dos socorristas.
- No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores de idade, certificación de que comprobou que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como trata de seres humanos. Igualmente, para o persoal que se incorpore con posterioridade ás actividades subvencionadas, compromiso de facer a comprobación a que se refire este apartado. No caso de que a realización das actividades non implique o contacto habitual con menores de idade, deberán achegar unha certificación da entidade neste senso.

A entidade deberá presentar a documentación esixida segundo os modelos que figuran na plataforma Subtel.

Declaracións:

- A entidade que represento deu cumprimento ás obrigas de difusión do apoio da Deputación establecidas nas bases específicas
- A entidade que represento non ten pendente de xustificación ningunha cantidade anticipada pola Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación de xustificantes.
- Os gastos presentados neste expediente como xustificación da subvención concedida foron debidamente reflectidos, na forma preceptiva, na contabilidade da entidade...-No caso de que os gastos subvencionables non acaden o importe mínimo a xustificar ou no caso en que a achega provincial, xunto cos outros ingresos percibidos para o mesmo obxecto, supere aos gastos executados: A entidade que represento renuncia á parte da achega provincial non xustificada e, no seu caso, acepta o reintegro da cantidade anticipada
- -No caso de que a entidade que represento presenta a xustificación fóra do prazo establecido nas bases da convocatoria, a entidade ACEPTA a sanción que corresponde segundo se recolle na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña, así como a compensación do importe da sanción no pago da subvención. (Esta declaración suporá unha redución do importe da sanción dun 90%).

Documentación:

- Acreditación da delegación da Alcaldía/Presidencia, no seu caso.
- Relación clasificada dos gastos realizados durante período subvencionado. Este documento deberá descargarse dende a plataforma SUBTEL logo de ter completada na mesma a "Relación de gastos" cos datos dos xustificantes de gasto.
- No suposto de que a subvención se xustifique con gastos de persoal, indicarse, para cada traballador/a e mes, o importe bruto da nómina e o importe da seguridade social con cargo á entidade.
- No caso de que non se externalice o servizo deberá achegarse unha certificación expedida pola persoa a cargo da secretaría na que de conta da seguinte información: Nome, apelidos e NIF do persoal subvencionado, co tipo de vinculación laboral e a súa adecuación á lexislación vixente.
- Memoria xustificativa- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da

Seguridade Social.

- Relación detallada de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así coma dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para a mesma finalidade.
- No caso de que algunha das actividades executadas pola entidade implicara o contacto habitual con menores, certificación de que se comprobou que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos (de acordo coa Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, de modificación do Código civil e da Lei de axuízamento civil) ou, pola contra, certificación de que non se executaron este tipo de actividades.
- Proba documental dos medios polos que se lle deu publicidade á subvención concedida.

A entidade deberá presentar a documentación esixida segundo os modelos que figuran na plataforma Subtel.

ANEXO - EXTRACTO DA CONVOCATORIA

GALEGO

Primeiro. Beneficiarios

Concellos do interior da provincia da Coruña, con poboación inferior a 50.000 habitantes, que posúan piscinas municipais ou praias fluviais

Segundo. Obxecto

A finalidade deste programa é apoiar aos concellos do interior da provincia da Coruña no mantemento dos gastos da contratación de socorristas durante o exercicio 2026 por un prazo máximo de 3 meses, considerándose como subvencionables os gastos de contratación directa do persoal ou, no seu caso, os da externalización da prestación do servizo.

Terceiro. Bases reguladoras

A presente convocatoria rexerese polas Bases reguladoras publicadas no BOP.

Cuarto. Contía

O importe da consignación prevista ascende a un total de 306.000,00€, con cargo á partida 0510/3412/46201 do Orzamento ordinario para 2026. As axudas a conceder oscilarán entre un mínimo de 2.500,00 e un máximo de 10.000,00 €

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de solicitude iniciárase ás 08:00 horas do día 21 de outubro de 2025, e finalizará ás 14:00 horas do día 21 de novembro de 2025, tendo en conta que, tanto as solicitudes coma o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

Sexto. Outros datos de interese

Tanto as solicitudes como o resto da tramitación da presente convocatoria, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>.

CASTELLANO

Primero. Beneficiarios

Ayuntamientos del interior de la provincia de A Coruña, con población inferior a 50.000 habitantes, que posean piscinas municipales o playas fluviales.

Segundo. Objeto

La finalidad de este programa es apoyar a los ayuntamientos del interior de la provincia de A Coruña en el mantenimiento de los gastos de la contratación de socorristas durante el ejercicio 2026 por un plazo máximo de 3 meses, considerándose como subvencionables los gastos de contratación directa del personal o, si fuera el caso, los de la externalización de la prestación del servicio.

Tercero. Bases reguladoras

La presente convocatoria se regirá por las Bases reguladoras publicadas en el BOP.

Cuarto. Cuantía

El importe de la consignación prevista asciende a un total de 306.000,00€, con cargo a la partida 0510/3412/46201 del Presupuesto ordinario para 2026. Las ayudas a conceder oscilarán entre un mínimo de 2.500,00 y un máximo de 10.000,00 €

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de solicitud se iniciará a las 08:00 horas del día 21 de octubre de 2025, y finalizará a las 14:00 horas del día 21 de noviembre de 2025, toda vez que, tanto las solicitudes como el resto de la tramitación del programa, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación provincial de A Coruña.

Sexto. Otros datos de interés

Tanto las solicitudes como el resto de la tramitación de la presente convocatoria, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación Provincial de A Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>.